



VI XORNADAS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA
DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE

A MOEDA EN GALICIA DESDE A CAETRA ATA O EURO

LUGO, 14 E 15 DE ABRIL DE 2023



A Numismática é a ciencia que estuda as moedas, desde a súa descrición ata o seu contexto arqueolóxico, histórico e interpretación.

O termo “moeda” procede do latín *moneta*, sobrenome da deusa romana *Iuno Moneta*, xunto a cuxo templo os antigos romanos situaron o seu primeiro obradoiro de cuñaxe. As moedas son a forma de diñeiro máis importante da historia, dende a súa aparición a finais do s. VII a.C. na costa grega de Asia Menor e na China.

Con estas xornadas monográficas preténdese difundir a importancia da historia monetaria no conxunto dos estudos e investigacións do noso pasado, contribuíndo a sinalar a súa importancia e poñendo en valor o significado e simbolismos duns obxectos que, perdido o seu valor fiduciario, seguen a ser fontes de información transcendentais.

Interpretar as moedas no contexto das culturas e períodos históricos do Noroeste peninsular desde a Antigüidade ata os nosos días, contribuírá a visualizar que son pezas especialmente relevantes para o estudo da economía, sociedade, relixión, política, iconografía ou da arte. Polo tanto, o programa amosado non só está dirixido á comunidade científica senón tamén a todos os interesados no tema, estudantes, afeccionados, traballadores de museos, coleccionistas, docentes, guías turísticos,... etc.

O marco temporal intenta abarcar unha visión histórica global para apreciar as circunstancias da introdución da moeda na antiga *Gallaecia* e o seu desenvolvemento posterior.

14 E 15 DE ABRIL DE 2023

LUGAR: Salón de Actos da Deputación de Lugo

PRAZAS: 120 presenciais, variable en función do aforo

INSCRICIÓN: obrigatoria a inscrición previa gratuíta por rigorosa orde de entrada

MODALIDADES: presencial e en liña

Formulario de inscrición no Museo Provincial de Lugo e na web

www.redemuseisticalugo.org.

Enviarase diploma acreditativo de asistencia á xornada (16 horas lectivas).

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

ORGANIZACIÓN: Museo Provincial de Lugo

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN: Aurelia Balseiro García direccion@museolugo.org, e Pablo Núñez Meneses.

COMITÉ ORGANIZADOR: Encarna Lago, Aurelia Balseiro, Antonio Roma, Enrique Alcorta e M^a Ofelia Carnero.

SECRETARÍA TÉCNICA: Enrique Alcorta e M^a Ofelia Carnero (Dpto. de Arqueoloxía/Historia do MPL).

COLABORACIÓNS: Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, USC, Universidad de Sevilla, MAN, MNAC, Museo Pontevedra.

PROGRAMA

VENRES 14 DE ABRIL

- 9.30 h Acreditación asistentes
- 10.00 h Presentación oficial
- 10.15 h **A primeira emisión monetaria na Gallaecia romana, as moedas da caetra**
Santiago Ferrer Sierra. Arqueólogo pola USC
- 11.00 h **A moeda sueva da Gallaecia. A gran descoñecida**
Pablo Núñez Meneses. Doutor en Historia pola USC
- 11.45 h Pausa
- 12.15 h **A ceca de Xuvia, breve historia e produción monetar**
Anabel Bello Platas. Doutora en Historia pola USC
- 13.00 h **Moeda e cultura na Galicia medieval**
Antonio Roma Valdés. Doutor en Historia pola USC
- 13.45 h Debate-coloquio
-
- 16.30 h **"Auri sacra fames": o papel da moeda na sociedade europea e galega da Idade Media**
Carlos Baliñas, Doutor en historia medieval e profesor da USC (Campus Lugo)
- 17.15 h **A acuñación de 1602, o reselo de 1603 e o rexistro da moeda de billón de 1605 en Galicia**
Pablo Rueda, investigador independente e membro do OMNI
- 18.00 h Debate-coloquio
- 18.30 h Mesa redonda moderada pola directora do MPL, Aurelia Balseiro, na que participa xunto cos anteriores relatores para abordar o tema: **"Espazos e formas de dar a coñecer o noso patrimonio numismático. Aproveitamento didáctico e histórico"**
- 19.30 h Visita técnica comentada á exposición "Percorrido pola colección numismática do Museo Provincial de Lugo" a cargo dos técnicos do Departamento de Arqueoloxía/Historia: Enrique Alcorta e M^a Ofelia Carnero

SÁBADO 15 DE ABRIL

- 10.00 h **As moedas da Gallaecia visigoda**
Ruth Pliego. Doutora en Historia e membro do comité científico OMNI
- 10.45 h **Acuñações galegas presentes en tres tesourinhos do Museo de Pontevedra: Congostra, Soutelo de Montes e Pontearreas**
Erea Castro Alfonso. Conservadora de fondos numismáticos e etnográficos do Museo de Pontevedra
- 11.30 h Pausa
- 12.00 h **As coleccións numismáticas do MAN e a moeda galega**
Emilio Gamo Pazos. Conservador de museos. Departamento de Numismática e Medallística do Museo Arqueológico Nacional
- 12.45h **O Gabinet Numismàtic de Catalunya do MNAC, apuntes sobre a moeda galega**
Maria Clua i Mercadal. Conservadora adjunta no Gabinet numismàtic de Catalunya del Museu Nacional d'Art de Catalunya
- 13.30 h Debate-coloquio
- 14.00 h Mesa redonda moderada pola directora do MPL, Aurelia Balseiro, na que participa cos anteriores relatores sobre **"A divulgación do coñecemento da numismática nas institucións museísticas e o seu papel na posta en valor desta disciplina"**
-
- 16.30 h Visita técnica explicativa á colección estable de numismática e medallística exposta no MPL (planta 1.^a sección de Prehistoria e Arqueoloxía) a cargo dos técnicos do Departamento de Arqueoloxía/Historia: Enrique Alcorta e M^a Ofelia Carnero
- 17.30 h Visita técnica comentada, á I Exposición numismática de Galicia a cargo dos seus comisarios: Pablo Núñez e Antonio Roma
- 19.00 h Remate e Clausura no Museo Provincial de Lugo

Envío de diplomas por correo electrónico



Con motivo da sexta edición das xornadas de divulgación científica do patrimonio arqueolóxico lucense, continuamos coa finalidade de establecer canles de comunicación coa sociedade a través da transversalidade dos museos, fomentando o debate, actualizando contidos arqueolóxicos, ou estimulando e educando patrimonialmente á comunidade coa dinamización sociocultural do coñecemento, para identificar e visibilizar o noso patrimonio.

OBXECTIVOS CONCRETOS

- Abordar, desde diferentes perspectivas, o contexto e a historia monetaria galega.
- Visualizar estratexias de difusión e divulgación científica para un correcto coñecemento do patrimonio numismático da nosa contorna.
- Relacionar a transferencia do coñecemento coas sinerxías de valor social, a nivel local e xeral, desde formulacións interdisciplinares e transversais.
- Contribuír ao estudo e difusión da ciencia numismática para xerar novos contidos e difundilos á sociedade.
- Dar a coñecer a colección numismática do Museo Provincial de Lugo.
- Visibilizar a Numismática como unha ferramenta moi útil nos estudos históricos e arqueolóxicos.



CONTIDOS/RESUMOS DAS CONFERENCIAS

1. A primeira emisión monetaria na *Gallaecia romana*, as moedas da *caetra*

Son moitos os aspectos que, a día de hoxe, descoñecemos sobre as denominadas moedas da *caetra* e posiblemente continuaremos nesta tesitura algúns anos máis, lanzando hipóteses de traballo unhas veces máis acertadas que outras xa que a investigación sobre este tipo de pezas avanza de xeito demasiado lento vinculado case que exclusivamente ao desenrolo dos traballos arqueolóxicos unha vez que parecen esgotadas as fontes documentais. Nesta ocasión, non vamos a aportar ningún tipo de avance novidoso posto que para elo necesitaríamos facer unha revisión das últimas escavacións arqueolóxicas realizadas nos últimos anos tanto na cidade de Lugo como no resto da península Ibérica coa finalidade de actualizar os achados e a distribución deste material numismático, tarefa que consideramos moi complicada debido ao estado no que se atopan depositados estes materiais fundamentalmente na cidade de Lugo. Polo que a nosa intervención, nestas xornadas sobre numismática organizadas dende o Museo Provincial de Lugo, vamos a centrala en resumir os avances conseguidos ata agora, recorrendo diferentes aspectos como poden ser: tipolóxicos, cronolóxicos, metrolóxicos, históricos así como o seu lugar de cuñación que despois das diferentes propostas e á luz dos nosos coñecementos todo parece indicar que *Lucus Augusti* resulta ser a candidata máis axeitada.

2. A moeda sueva de *Gallaecia*. A gran descoñecida

Dende o gran rei Richiario (448-456) ata a conversión ao catolicismo en tempos do rei Teodomiro (559-570) asómasenos unha conceptualización do territorio de *Gallaecia* moi diferente: dende un reino en expansión pero inestable, ata un reino máis limitado pero consistente. Política e sociedade evolucionarán de similar xeito: dende o asentamento inicial e a puxanza polo poder, ata unha integración das novas e antigas elites. Galicia vivirá un esplendor fulxente no plano cultural e artístico nesta segunda metade do século VI, coa Igrexa como protagonista.

A moeda é reflexo de todos estes cambios:

No caso de falar do primeiro reino medieval europeo, debemos falar tamén da primeira moeda medieval europea, sendo a clave do período o ver de que xeito se interrompeu estas primeiras cuñacións que indicaban soberanía, para comezar cun proceso imitativo (común ao mundo xerma-

no), no que se cuña moeda mais aló das “oficiais” fronteiras suevas.

Prodúcese un multicentrismo cuñatorio que se relaciona coa idiosincrasia do territorio galego: o poder central relaciónase cun poder periférico que é disperso.

Así e todo, estas cuñacións, maioritariamente de ouro, non nos deben enganar, xa que agochan unha realidade monetaria “escura”: é o comezo dos chamados “séculos sen moeda”, xa que este monometalismo áureo é inútil para o pequeno comercio e para a tributación. Trátase de moedas de prestixio, máis próximas ao plano político que ao plano económico-comercial.

Todos estes cambios son progresivos, levan séculos, é o tránsito entre dúas Idades, a Antiga e a Media. É a discontinuidade romano-bárbara da que fala Spufford.

3. A ceca de Xuvia. Breve historia e produción monetar

O interese da monarquía borbónica por poñer en marcha unha importante rede de Reais Fábricas que abasteceran o mercado peninsular de produtos de primeira necesidade e así evitar a importación de produtos básicos, foi o xerme do que serían os Reais Establecementos de Xuvia. Desde o ano 1790, en que se procede a localizar o emprazamento máis adecuado para a súa instalación, ata 1868 momento en que se deteñen as súas máquinas, a fábrica de Xuvia pasará por diferentes fases nas que a súa produción adaptárase en cada momento as necesidades do reino; placas de cobre para o forrado do fondo dos barcos, caixas, chaves, fusiles e finalmente moedas serán os produtos que saíran dos seus obradoiros con maior ou menor fortuna. A importante inversión económica que desde o primeiro momento fixo a coroa, non foi suficiente para garantir o éxito da súa produción pero sobre todo o do seu funcionamento. O peche, en 1868, dos Reais Establecementos de Xuvia supuxo o peche da última fábrica de moeda de Galicia.

4. Moeda e cultura na Galicia medieval

Usualmente asociamos a moeda cos intercambios atendendo o seu valor económico. Porén, na Idade Media a moeda ten outros valores. Preséntase a moeda na súa fase de fabricación e aténdese os seus aspectos produtivos e sociais, considerando elementos artísticos. Tamén os seus valores culturais, entre eles un valor non sempre valorado, como o seu emprego polos peregrinos en actos piadosos.

5. “Auri sacra fames”: O papel da moeda na sociedade europea e galega da Idade Media

A intención desta palestra é a de proporcionar un marco de conexión ás diversas aportacións especializadas destas Xornadas, dentro dun discurso temporal coherente e prestando atención ós diversos procesos históricos que axudan a entender a evolución da numismática galega medieval no contexto xeral da economía europea da época. Partiremos da crise monetaria da Baixa Romanidade e da desmonetización da economía occidental ó longo da Alta Idade Media, para falar duns usos da moeda como signo de poder e ferramenta de propaganda política. A chamada “Revolución do ano Mil” suporá a reaparición da moeda como instrumento de transaccións económicas e o desenvolvemento de acuñacións especificamente europeas no contexto da apertura comercial do occidente medieval europeo. Consonante disto, irán aparecendo ó longo da Plena Idade Media o cambio de moeda e as orixes da banca, posibilitando entre os séculos XIII e XV o xurdimento das letras de cambio, os seguros mercantiles e as compañías comerciais con accionistas inversores. O obxectivo final será facer ver que unha moeda non é só un obxecto de valor material e artístico ou un achádego arqueolóxico, senón tamén unha valiosa testemuña documental de cara a coñecer mellor sociedades e culturas do pasado.

6. A acuñación de 1602, o reselo de 1603 e o rexistro da moeda de billón de 1605 en Galicia

A cuñación de moeda de cobre a principios do século XVII baixo o reinado de Felipe III supón o inicio dunha política recaudatoria que dará lugar a múltiples alteracións monetarias ó longo de todo o século. O 13 de xuño do 1602 ordenase por primeira vez en Castela a cuñación de cobre puro sin liga de prata. As labours desta emisión na Coruña desenroláronse entre 1604 e 1605. O 18 de setembro do 1603 mandouse duplicar o valor do billón circulante nese momento, xerando un ingreso extraordinario para a monarquía.

O caos monetario xerado por estas dúas actuacións da coroa deu lugar a que se comprobouse a cantidade de moeda circulante no reino. O 23 de agosto de 1605 ordenouse o rexistro de toda a moeda de billón como paso previo para a aprobación de novas disposicións monetarias. En consecuencia, o 27 de setembro do 1606 ordeouse o cese de todas as cuñacións e das labours do reselo e no 1608 acordouse non cuñar billón durante o prazo de vinte anos.

A documentación contable conservada no Arquivo Xeral de Simancas permítenos coñecer

con detalle a situación da casa da moeda da Coruña a principios do século XVII, as labours desenroladas nela así como o destino dos beneficios obtidos.

7. Mesa redonda: “Espazos e formas de dar a coñecer o noso patrimonio numismático. Estratexias de comunicación. Aproveitamento didáctico e histórico”

A mesa redonda estará composta polos integrantes das ponencias matutinas. Despois dunha presentación/introdución por parte de Aurelia Balseiro e dentro dos obxectivos marcados nestas xornadas, ofreceranse complementariamente outros puntos de vista sobre a rendibilidade sociocultural da investigación numismática en relación con proxectos didácticos, teóricos ou xa implementados, con programas de investigación e difusión interdisciplinares, etc., que poidan aportar novas ideas para avanzar neste eido desde os recursos presentes ata a visualización de futuras estratexias transversais, en prol do desenvolvemento e sustentabilidade do patrimonio numismático.

Ademais de assimilar a importancia e significado do tema deste curso monográfico intensivo, tamén se pretende fomentar o diálogo e a participación ou implicación das persoas que asistan, baseándonos na finalidade principal relativa á transferencia social do noso patrimonio cultural para promoverlo, coñecelo e conservalo.

8. As moedas da *Gallaecia visigoda*

Durante a vixencia do reino suevo o territorio da *Gallaecia* asiste a un desenrolo espectacular desde o punto de vista monetario que non é comparable con outras zoas da Península Ibérica. A actividade monetaria desta rexión continuou trala absorción dese reino polo monarca visigodo, Leovigildo (585), e as súas peculiaridades tipolóxicas permiten entrever unha marcada identidade que subxace o substrato visigodo. A máis destacada manifestación é quizás a enorme cantidade de cecas que acuñaron na *Gallaecia* nalgún momento do período e que supón case a metade da centena das coñecidas. Esta peculiaridade solo se mantivo ata tempos de Chindasvinto, posto que durante o reinado conxunto deste monarca co seu fillo Recesvinto o panorama da Hispania visigoda transformouse por completo reducíndose as cecas a unha doceia e localizándose maioritariamente, como era de esperar, nas capitais de provincia e nas cidades máis destacadas do *regnum*. Neste traballo asúmese que a realidade territorial baixo dominio visigodo é dispar e na súa configuración debeu pesar non so as propias características das diferentes rexións senon tamén a organización

territorial anterior e a diferente evolución experimentada. O obxectivo deste traballo é revisar o material co que contamos, identificar as peculiaridades e expoñer as cuestións que suxeren, tratando de propoñer posibles respostas.

9. Acuñacións galegas presentes en tres tesouriños do Museo de Pontevedra: Congostra, Soutelo de Montes e Pontearreas

A comunicación sobre estes tres tesouriños pertencentes á colección numismática do Museo de Pontevedra ten tres obxectivos: visibilizar fondos que non están presentes na exposición permanente do museo e que son case descoñecidos, nun momento en que estas coleccións están a ser profundamente revisadas; falar sobre os achados casuais que tiveron lugar na provincia durante o século XIX; e pór ditos achados en relación, xa que teñen como nexo común unha importante presenza de moeda acuñada na ceca de Xubia, o que achega algunha información sobre os patróns de atesouramento da época.

10. As coleccións numismáticas do MAN es a moeda galega

Analizarase a evolución histórica desde o século XVIII da colección numismática do MAN, con especial referencia ás pezas vinculadas a Galicia. Por unha parte trataranse os achádegos numismáticos atopados en Galicia que ingresaron no MAN, destacando entre estos un conxunto de moedas encontrado en Lugo en 1757 e o tesouro de Duarria (Castro del Rei, Lugo). Por outra parte describiranse as moedas acuñadas en Galicia o longo da historia, conservadas nos fondos do Museo.

11. O Gabinet Numismàtic de Catalunya do MNAC, apuntes sobre a moeda galega

O Gabinet Numismàtic de Catalunya (GNC) forma parte do Museu Nacional d'Art de Catalunya (MNAC) de Barcelona. A orixe do GNC hai que buscalo no ano 1932 cando a Xunta de Museos de Barcelona iniciou a redistribución dos seus fon-

dos e decidiu a constitución dun monetario formado por grandes e interesantes doazóns que a cidade recibirá. Un exemplo pode ser a recompilación feita por Josep Salat que ingresou no 1819, a de Francesc Martorell i Pena no 1878, a de Celestí Pujol i Camps no 1883 ou a de Artur Pedrals i Moliné en 1889. A estes primeiros ingresos seguiron moitos outros, que aos poucos foron formando a colección que custodiamos actualmente de máis de 155.000 pezas. A pesar de ser un gabinete numismático, nos fondos atópase ademais da moeda metálica unha significativa proporción de papel moeda, obxectos paramonetais, medallas, sixilografía, jetones, ponderais e mesmo moeda primitiva. A colección do GNC é importante e particular por conservar unha representativa mostra das emisións realizadas no territorio catalán, desde as primeiras pezas acuñadas nas colonias de Emporion e Rhode, emisións ibéricas, romanas, visigodas, condais e episcopais, ás producións da ceca real de Barcelona e as emisións de papel moeda municipal fabricado durante os anos da Guerra Civil. O GNC tamén conserva especies emitidas no resto do territorio hispánico e, aínda que non é o núcleo principal dos fondos, hai unha representación da numismática mundial. Nesta presentación expoñerase como conservamos, custodiamos, estudamos e difundimos os fondos do GNC e que significa a moeda fabricada en Galicia, desde a antigüidade ata os nosos días, neste labor e na colección.

12. Mesa redonda: “A divulgación do coñecemento da numismática nas institucións museísticas e o seu papel na posta en valor desta disciplina”

Con similares obxectivos que os establecidos na anterior mesa redonda, neste caso xuntaranse os especialistas que participaron na segunda parte das xornadas coa moderación da directora do MPL, para profundar no papel dos museos e do coleccionismo, na conservación, estudo e promoción do patrimonio numismático. Así mesmo, fomentárase a participación e o diálogo entre todos os participantes para establecer puntos de reflexión de interese para a comunidade científica, docente ou para o público en xeral.

EXPOSICIÓN

PERCORRIDO POLA COLECCIÓN NUMISMÁTICA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

Esta mostra, que estará no lugar da celebración da xornada durante os días establecidos, está dividida en dous grandes bloques:

- **Moeda hispánica (I, II e III):** I. Moeda prerromana, romana e medieval. II. Moeda moderna e contemporánea. III. Tesouríños
- **Moeda estranxeira (IV)**

Lugar: Palacio provincial. Planta baixa.

Material expositivo e contido: Expositores de 120x80 cm. con contidos divulgativos sobre a moeda hispánica e a moeda estranxeira. Concebida como unha mostra itinerante, foi realizada en edicións sucesivas entre os anos 2016 e 2019 e leva visitado moitos centros por toda Galicia amosando a colección do MPL e o mundo numismático.

Comisariado: Aurelia Balseiro, Enrique Alcorta e M^a Ofelia Carnero.

De monetaria galega. Galicia e a súa moeda desde a antigüidade aos nosos días I EXPOSICIÓN NUMISMÁTICA DE GALICIA.

Lugar: Museo Provincial de Lugo — Duración: 31 de marzo – 30 de xuño 2023

OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer ao público xeral a moeda acuñada en Galicia e a percepción cultural que o numerario tivo na cidadanía.
- Presentar publicamente as relevantes moedas que se adquiriran para o Museo Provincial de Lugo.
- Actualizar para o público xeral a presenza histórica da moeda en Galicia, particularmente en Lugo.
- Completar as nocións científicas actuais ao público máis afecto á numismática, en aspectos como a significación cultural da moeda en cada período.
- Presentar diacronicamente a historia monetaria de Galicia trasladando unha mensaxe clara: a relación dos galegos coa súa moeda foi relevante política e economicamente.
- Amosar cada período histórico tratado de maneira singular como parte da liña do tempo e considerando a moeda no seu contexto cultural.
- Incorporar a perspectiva de xénero, destacando a presenza de mulleres nas moedas, casos das raíñas Urraca, Isabel a Católica e Isabel II.

Material expositivo e contido: Escolma monetaria representativa da historia da moeda en Galicia procedente de coleccións públicas e privadas. Moitas das pezas veranse por primeira vez en Lugo, configurando a primeira mostra das mellores moedas conservadas de ceca galega.

Comisariado: Pablo Núñez Meneses, Antonio Roma e Aurelia Balseiro.



VI XORNADAS DE DIVULGACIÓN
CIENTÍFICA DO PATRIMONIO
ARQUEOLÓXICO LUCENSE

A MOEDA EN GALICIA DESDE A CAETRA ATA O EURO

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Nome

Apelidos

DNI

Centro de traballo

Enderezo postal

Localidade

Código Postal

Provincia

Enderezo electrónico

Teléfono de contacto

Asdo.

Lugo

de 2023

Modalidade preferente de asistencia á xornada:

☐

Presencial

☐

En liña

Prazas presenciais ata completar aforo, por rigorosa orde de recepción de solicitudes.

Apertura de prazo: 20/03/2023.

Deberá remitir esta solicitude de inscrición debidamente cuberta ao Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (presencial ou telematicamente).

Coa confirmación da inscrición enviarase un link/enlace para participar en liña na xornada.

Museo Provincial de Lugo. Praza da Soidade, s/n ; 27001 Lugo. Tfno. 982 242 112

A inscrición nesta xornada implica a autorización do solicitante á entidade organizadora do uso de imaxes durante a xornada para a difusión e comunicación da mesma.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os datos facilitados a través deste formulario, serán incluídos nos nosos ficheiros coa finalidade de realizar a inscrición nesta xornada e informar de actividades futuras.

O usuario poderá exercer os seus dereitos de cancelación e de oposición, no que atinxa aos seus datos de carácter persoal, mediante comunicación ao MPL, Praza da Soidade s/n 27001 Lugo.

CURRÍCULOS DOS CONFERENCIANTES



Carlos Baliñas Pérez, naceu en León o 8 de marzo de 1961 nunha familia de docentes e reside na actualidade en Lugo.

Datos académico-profesionais: É Profesor Titular de Historia Medieval da Universidade de Santiago de Compostela, con destino na Facultade de Humanidades de Lugo. Doutor en Historia (Historia Medieval)

pola USC, leva vencellado profesionalmente á universidade compostelán dende 1987. Foi Bolseiro de Iniciación á Investigación da Xunta de Galicia, Profesor-Tutor da UNED e *British Academy Visiting Professor* na Universidade de Birmingham (Reino Unido). É profesor do IV Ciclo no Campus de Lugo dende os seus inicios, impartindo cursos de Historia de Galicia e Historia Medieval.

Liñas de investigación e publicacións máis relevantes: O seu campo de investigación prioritario é a Historia Social da Galicia Altomedieval (anos 700-1100), tendo como liñas subsidiarias o estudo da paisaxe histórica, a proxección social do urbanismo medieval na cidade de Lugo e as orixes do artellamento territorial de Galicia. É autor dos libros *Defensores e Traditores: un modelo de relación entre poder monárquico e oligarquía na Galicia altomedieval (718-1037)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988; *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII e IX)*, Santiago de Compostela, Coordenadas, 1992; e *Gallegos del año Mil*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1998. Así mesmo, é co-editor da colección de estudos *Sub Urbem: Historia, sociedade e cultura da cidade*, Santiago de Compostela, Publicacións da USC, 2012. Ten publicados preto de 30 artigos sobre temas da súa investigación en galego, castelán e inglés en revistas e obras de conxunto nacionais e internacionais, así como traducións de obras históricas do inglés ó español.

Cargos académicos e distincións: Ten sido Secretario e Vicedecano da Facultade de Humanidades de Lugo (2000-2003) e Coordinador do Programa de Doutoramento de Humanidades da USC. É *Corresponding Editor* para a Península Ibérica da revista especializada *Early Medieval Europe* e asesor científico para diversas publicacións académicas. É Socio de Número da "Sociedad Española de Estudios Medievales". Desde xuño de 2007 a decembro de 2017 foi vogal da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico de Lugo da Xunta de Galicia en representación da USC.



Ana Isabel Bello Platas. - Naciada en Serantes (Ferrol).

Formación Académica: Licenciada en Historia pola USC no 2001. CAP da Universidade da Coruña no 2002. Doutora en Historia no 2016 pola USC coa tese *Os Reais Establecimientos de Xuvia: recompilación documental,*

estudo histórico e estudo e catalogación das moedas de Xuvia do Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña.

Publicacións: *La Ceca de Jubia. La última fábrica de la moneda de Galicia* (2006), *La fábrica de fusiles en la ría de Ferrol* (2007), *A enerxía do planeta* (2010), *La capilla de Serantes* (2013), *El Pazo Libunca* (2014), *Los soldados del Tercio Norte y las tres Españas en la Guerra de Cuba* (2018). Autora de diversos artigos: *Jubia: La producción de la última casa de moneda de Galicia* (2004), *La fábrica de Jubia. Estado de la Cuestión*, XIII Congreso Nacional de Numismática, Cádiz 2009, *Las monedas de Juvia del Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña*, XV Congreso Nacional de Numismática (2016).

Relatora e ponente en diversas Xornadas e Congresos. No 2017 foille concedida a Cruz o mérito naval con distintivo branco e recibe o nombramento de "Amiga de la Infantería de Marina".



María Clua i Mercadal. - Licenciada en Xeografía e Historia, sección Historia, Prehistoria, Historia Antiga e Arqueoloxía, pola *Universitat Central* de Barcelona (promoción do 1985-1986). Doutora en Xeografía e Historia, na sección de Historia Medieval, Paleografía e Diplomática, pola *Universitat Central* de Barcelona, ano 1999. Mem-

bro do *Grup de Recerca d'Arqueologia Medieval i postmedieval de la Universitat* de Barcelona (GRAMP-UB).

Adxunta de Conservación do *Gabinet Numismàtic de Catalunya* do *Museu Nacional d'Art de Catalunya*, Barcelona desde o 1991. Institución desde onde traballa na investigación, documentación e difusión dos fondos numismáticos custodiados, xa sexa a través de exposicións, cursos, conferencias, publicacións ou congresos. Pola formación profesional, a liña de investigación foi sempre dirixida a circulación da moeda e obxectos paramonetais atopados en contextos arqueolóxicos, especialmente de época medieval. A tese doctoral e un bon exemplo de elo: *Circulació monetària des de l'època medieval a les comarques de Barcelona* (Diputació de Barcelona, 2002). Así debese destacar a participación en múltiples publicacións sobre achádegos monetarios tanto individuais como de conxunto, un pequeno exemplo podería ser *El tesoro de Sant Pere de Rodes. Una ocultació de monedes d'or i plata a l'inici del segle XVI* (MNAC, 1999), «La localisation de l'atelier Rodda à la lumière des nouvelles découvertes archéologiques à Roda de Ter» (*Revue Numismatique*, 175, 2018) o «La producción y circulación de moneda en la Corona de Aragón» (en *Arqueología y arte en la representación material del Estado en la Corona de Aragón (siglos XIII-XV)*, Universidad de Zaragoza, 2022).

Tamén participou en xornadas, cursos e conferencias das que destacan «La digitalización y difusión de las colecciones del Gabinet Numismàtic de Catalunya: estado actual y retos de futuro» (*Jornada de estudio internacional: Colecciones museísticas en línea. El ejemplo de la numismática*, Museo Arqueológico Nacional, Casa de Velázquez de Madrid, Museu de Prehis-

tòria de València i Universitat de València, 2016); «La moneda, fósil director para la época medieval y moderna» (*V Curso de Arqueología: Arqueología, numismática y museología. Las monedas desde la Antigüedad hasta la Edad Moderna en el Atlántico mediterráneo*, Gáldar, Gran Canaria, Museo y Parque Arqueológico de la Cueva Pintada, 2019) o «La moneda grega al Gabinet Numismàtic de Catalunya. Documentació i registre informàtic» (*Jornades sobre numismàtica* agrega a la *Península Ibèrica*, Museu d'Arqueologia de Catalunya, Barcelona, 2022). Remarcar a participación na organización e edición das actas do XVI Congreso Nacional de Numismática: «Tesoros y hallazgos monetarios: protección, estudio y musealización» (MNAC, Barcelona, 2018).



Erea Castro Alfonso.- Salvaterra de Miño, 1989. Licenciada en Historia da Arte pola USC, coa especialidade de Historia da Música, Arte Antiga e Medieval e Patrimonio e Conservación (2007-2012). Cursou estudos de Mestrado para o Ensino Secundario na USC (2013-2014).

No 2014 accede a unha beca de emprego da Deputación de

Pontevedra, pola que entra como becaria no Departamento de Fondos Xerais do Museo de Pontevedra, onde inicia o seu contacto coa numismática. No 2015 realiza unha estancia de colaboración no Musée Châteaud'Henri en Pau (Pirineos Atlánticos).

Nos anos 2015 e 2017 traballa como guía no Museo MARCO de Vigo e como auxiliar na Fundación Barrié de la Maza. No 2017 incorpórase como funcionaria interina a un proxecto do Museo de Pontevedra como conservadora Numismática, seguido doutro segundo proxecto no 2022, o que se engade o coidado das coleccións etnográficas.

Algunhas das súas publicacións son: *Dos troqueles de medalla en la historia de la Casa de Moneda de Santiago de Chile: la huella de Manuel Torres* (2019); *La medalla Propagandística de la Real Fábrica La Honradez* (2015); *La colección de Orfebrería Christofle del Museo de Pontevedra* (2019); *Las colecciones numismáticas del Museo de Pontevedra: conservación, reorganización y puesta en valor* (2022). Colabora tamén na publicación *Las monedas Leonesas y Castellanas del siglo XII* (2020), xunto a A. Roma Valdés.



Santiago Ferrer Sierra.- Diplomado en Formación do Profesorado de Educación Xeneral Básica: especialidade Ciencias Humanas, Licenciado en Xeografía e Historia, especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía pola USC e Académico Correspondente da Real Academia Galega de Belas Artes. Dende que rematou os seus estudos

académicos dedicouse profesionalmente ao mundo da ar-

queoloxía participando en numerosas escavacións arqueolóxicas por todo o ámbito de Galicia. Director das escavacións arqueolóxicas de *Aquis Querquennis* en Bande onde está a investigar un dos campamentos militares romanos máis singulares da Península Ibérica.

Participou en varios proxectos de investigación na USC, no Centro de Investigacións Científicas do CESIC e foi bolseiro do Consello da Cultura Galega. Ten publicados numerosos artigos en revistas especializadas relacionados co mundo da arqueoloxía así como varias monografías sobre diversa temática entre os que podemos destacar: *Miliarios e outras inscripciones viarias romanas do noroeste hispánico*, (coautor) publicado polo Consello da Cultura Galega, *A vía nova na serra do Xurés. A rehabilitación da vía nova entre Portela do Home e Baños de río Caldo (Lobios, Ourense)* (coautor) publicado pola Xunta de Galicia, *Excavacións arqueolóxicas en Aquis Querquennis. Actuacións no campamento romano (1975-2005)*, (editor) publicado en *Anexos Larouco*, nº 4, *Priorato de Xagoaza. O referente histórico dunha próspera comarca galega (Valdeorras, Ourense)*, (coautor) publicado pola Fundación Aquae Querquennae-Vía Nova o *A ponte vella de Lugo. Arqueoloxía e enxeñería histórica*, (coautor) publicado polo Concello de Lugo. A nivel profesional dedícase a actividade arqueolóxica sendo administrador e arqueólogo da sociedade PROSPECCIÓNS ARQUEOLÓXICAS S.L.U., empresa na que desenrola a maioría de súa actividade. Ten realizado e asumido a dirección de numerosos proxectos de prospeccións e escavacións arqueolóxicas, primeiramente nas intervencións de urxencia na cidade romana de *Lucus Augusti* e no campamento romano de *Aquis Querquennis*, centrándose ultimamente, en proxectos localizados na provincia de Ourense, cunha experiencia que foi acumulando ó longo de case corenta anos.



Emilio Gamo Pazos (Madrid, 1985) Licenciado en Historia e Máster Interuniversitario en Historia e Ciencias da Antigüidade. Realizou a Tese doctoral acerca da romanización dos pobos da Meseta oriental. Premio Extraordinario de Doctorado na Facultade de Xeografía e Historia da UCM. Premio Provincia de Guadalajara de Investigación Histórica e Etnográfica no 2011 polo libro *Corpus de inscripciones latinas de la provincia de Guadalajara*. Realizou estancias na Universidade de Oxford e na Escola Española de Arte e Arqueoloxía en Roma (CSIC). A súa investigación plasmouse en múltiples publicacións e comunicacións a congresos nacionais e internacionais. Participou en diferentes escavacións e prospeccións arqueolóxicas, codirixindo traballos no *oppidum* celtibérico de *Los Rodiles*, a Carta Arqueolóxica de Sigüenza e no campamento romano da Cabeza do Cid. Foi profesor da UNED senior e é codirector do Proxecto arqueolóxico na cidade carpetano-romana de Caraca (Driebes, Guadalupe). Foi técnico de museos no Museo Nacional de Arte Romano de Mérida e na actualidade é conservador no Departamento de Numismática e Medallística do Museo Arqueolóxico Nacional.



Pablo Núñez Meneses.- Nacido en 1985. Reside en Lánchara (Lugo).

Formación Académica: 2013-2017: Doutor en Historia, USC. 2009-2012: Master en Numismática, (FUNED. 2012) Máster en Humanidades (DEA Humanidades. USC.2010). Master Profesorado (CAP en Historia, USC, 2009).

Publicacións: *Hallazgos monetarios medievales de Galicia* (2019), *Moneda medieval gallega, catálogo comentado* (2018), *Jubia, Catálogo especializado*. Coautor con D. Casal Fernández (2017). *Dieciocho vellones míticos de los Austrias* (2021), *Aportación al corpus de monedas jacobinas* (2021). *Un real inédito del duque de Lancaster* (2019), *Cinco cobres míticos de los Borbones* (2019). *Los 2 maravedís de 1812, un cobre mítico acuñado en Jubia* (2017). *Hallazgos inéditos de moneda medieval en Galicia*. Cuadernos de Estudios Gallegos, (2016). *Hallazgo de Ordes el Museo Provincial de Lugo*. XV Congreso Nacional de Numismática (2016). *Subida de la vida en el reino castellano-leonés tras el cambio monetario del sueldo de oro al sueldo de plata. ¿Mito o realidad?* (2015). *La moneda lucense de la caetra* (2014). *Hallazgos y circulación de la moneda sueva* (2014). *¿Economía natural o monetaria en la Galicia de los siglos VIII al XI?* (2013). *Perspectiva religiosa de la numismática* (2011).

Asociacións: Presidente de ANVAR. Membro de ANE. Membro de CFNF. Membro de AENP. Responsable de NN-coins e Silicua.



Ruth Mª Pliego Vázquez.- Doutrora en Historia pola Universidade de Sevilla, é especialista en Numismática, en particular a relacionada co reino visigodo. Na actualidade é profesora da Universidade de Sevilla. É autora do corpus *La moneda visigoda* (2 vols., Sevilla, 2009) ademais de outras dúas monografías e máis de 50 publicacións científicas, a

maioría relacionadas coa Numismática. Disfrutou de estancias en centros de investigación como o Institut d'Études Avancées, la École Pratique des Hautes Études y la Bibliothèque Nationale de France, todas elas institucións parisiñas, así como nas Universidades de Lisboa, Hamburgo, Padova y Princeton. Actualmente codirixe o proxecto *La Monnaie dans l'Occident Méditerranéen* (MONOM) (Casa de Velázquez, Madrid) e participa no estudo do gran Tesouro de moedas romanas tetrárquicas hachadas en Tomares (Sevilla) no 2016.



Antonio Roma Valdés.- León, 1967. Licenciado en Dereito pola Universidad de Alcalá de Henares, doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Fiscal desde 1994. Profesor asociado de dereito procesal da Universidade da Coruña entre 2008 e 2016. Conta con mais dun centenar de libros e artigos doctrinais en dereito e

historia, en numerosas revistas internacionais. Coordinador do compoñente da xusticia do Programa EL PAcCTO de loita contra a criminalidade organizada transnacional en América Latina entre 2017 e 2022. Recentemente otorgouse o Premio Javier Conde Garriga.



Pablo Rueda Rodríguez-Vila.- Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Participou en obras colectivas escribiu as reseñas de varias obras.

Autor de diversos artigos: *La pila de pesas de Salvador Paradaltas, ensayador de la Casa de la Moneda de Barcelona*, Acta Numismática Nº 50 (2020). *Aportación al corpus monetario visigodo: un triente de Liuva II acuñado en Tuy*, Revista Numismática OMNI, Nº13, (2019). *Las pesas monetarias castellanas en el siglo XV*, OMNI, Nº12, (2018). *Notas sobre dos variantes de vellón acuñadas a nombre de los Reyes Católicos en La Coruña (1540-1550)*, Abelterium, Vol. II, Nº1, (2015). *Presentación de una nueva variante tipológica de ocho maravedís de Felipe IV de ceca Coruña*, OMNI, Nº5, (2012). *La serie de un maravedí de cobre de Felipe III: revisión crítica y nuevas aportaciones*, OMNI, Nº4, 2012.

Participou en varias xornadas de Lugo Numismático impartindo conferencias: *Pesas monetarias en el siglo XV*, (2018). *Falsificación de moneda en el siglo XVII*, (2016). *As cruñacións da ceca de A Coruña no século XVII*, (2015).



Enrique J. Alcorta Irastorza.- Graduado pola Universidade de Deusto en 1982 e doutor en 1997 pola de Santiago de Compostela coa tese *Cerámica común romana de cocina e mesa de Lucus Augusti*.

No apartado profesional, as súas primeiras escavacións remiten ao Poboado da Hoya, (Laguardia, Álava) e Forua (Gernika, Bizkaia), campamento romano de *Aquae Querquennae* (Bande) e Castro de Saceda (Cualedro) ambos na provincia de Ourense.

Desde 1986 céntrase na cidade de *Lucus Augusti* (Lugo) onde participou como colaborador ou director en numerosas intervencións arqueolóxicas. Destes traballos nacen diversas memorias de resultados, así como artigos detallados ao redor de problemas construtivos da muralla romana que cingue a cidade e á análise da CCR exhumada na mesma, temas dados a coñecer tamén en congresos e xornadas de estudo.

Desde o ano 2004 traballa no Departamento de Catalogación, sección de Arqueoloxía e Historia, do Museo Provincial de Lugo, en tarefas de inventariado, catalogación, difusión e montaxe de exposicións.



Aurelia Balseiro García.- Licenciada con grao en Xeografía e Historia pola USC coa especialidade de Museoloxía (1985-1990). DEA (1993). Investigadora especializada no campo da ourivería antiga.

Autora de mais dun cento de publicacións en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos

ou en libros colectivos con temas relacionados coa arqueoloxía do ouro, o patrimonio, a historiografía, a arte, os artistas, os museos, etc., e de libros sobre ourivería castrexa: *Oro prerromano en la provincia de Lugo* (1994); *Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo / Moñes* (2000). *O Torques de Burela. A xoia do noso patrimonio* (2013) e editora científica e coautora de *A Colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018), e do libro dixital *Percorridos pola Colección Numismática do Museo*

Provincial de Lugo (2021). Recentemente publicou *O Museo Provincial de Lugo. Orixe e consolidación (1932-1982)* (2022).

Directora do Museo Provincial de Lugo desde o outono de 2008, onde coordina os departamentos científicos e os programas de conservación, de coleccións (documentación e investigación) e de exposición.



Mª Ofelia Carnero Vázquez.- Licenciada en Xeografía e Historia, coas especialidades de Arte Antiga e Medieval e en Museoloxía, pola USC (1982-1988). Técnica do departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL, onde traballa desde o 1990, en tarefas de inventariado, catalogación, difusión e montaxe de exposicións.

Membro fundador do equipo de investigación etnográfica "Chaira", dedicado o estudo da literatura oral popular en Galicia, e como tal coautora dos libros *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004). Relatora en diferentes Xornadas pedagóxicas e Cursos de Arte Galega do MPLugo. Outras publicacións nas que participou son *Maruja Mallo, la gran desconocida de Galicia* (1995), *Arqueoloxía:1990-2005/* (2010), *A Plástica provincial romana no Museo de Lugo* (2011) e *A Colección de Ourivería Antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018). Coautora da publicación dixital *Percorridos pola colección Numismática do Museo Provincial de Lugo* (2021).



ESCOLMA BIBLIOGRÁFICA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1992): Los estudios de Numismática en Galicia: Problemas y prespectivas, en *Actas del VIII Congreso Nacional de Numismática*, Avilés, pp. 551-560.
- BALSEIRO GARCÍA, A., ALCORTA IRASTORZA, E. e CARNERO VÁZQUEZ, M^a. O. (2016): As, maravedí, real y peseta. Un paseo por la colección numismática del Museo Provincial de Lugo, en *Actas XV Congreso Nacional de Numismática*, Madrid 2014, pp. 125-142.
- BALSEIRO GARCÍA, A., ALCORTA IRASTORZA, E. e CARNERO VÁZQUEZ, M^a. O. (2021): Tesoros monetarios del Museo Provincial de Lugo: estudio y difusión, en *Actas del XVI Congreso Nacional de Numismática*, Barcelona 2018, pp. 763-781.
- BALSEIRO GARCÍA, A., ALCORTA IRASTORZA, E. e CARNERO VÁZQUEZ, M^a. O. (2021): *Percorridos pola Colección Numismática do Museo Provincial de Lugo*, publicación dixital.
- BELLO PLATAS, A. I. (2004): *La Ceca de Jubia. La última fábrica de la moneda de Galicia*, Edicións Embora, Biblioteca de Ferrolterra.
- BELLO PLATAS, A. I. (2009): La fábrica de Jubia. Estado de la cuestión, en *Actas del XIII Congreso Nacional de Numismática*, Cádiz, pp. 1119-1128.
- CAAMAÑO GESTO, J. M. (1979): Aportaciones al estudio de las monedas de la caetra: Las monedas de la colección Blanco Cicerón (La Coruña), en *Boletín Auriense IX*, pp. 67-76.
- CAMPO, M., CLUA MERCADAL, M. y ESTRADA RIUS, A. (2004): *Guía Numismática*, Museo Nacional d'Art de Catalunya.
- CASAL FERNÁNDEZ, D. e NÚÑEZ MENESES, P. (2017): *Jubia. Catálogo Especializado*.
- CASTRO ALFONSO, E. (2022): Las colecciones numismáticas del Museo de Pontevedra: conservación, reorganización y puesta en valor, en *Actas VI Congreso Nacional de Numismática Porto*.
- CAVADA NIETO, M. (2004): Numismática romana en la provincia de Lugo, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo t. XII, vol. 1*, Lugo, pp. 41-70.
- CEBREIRO ARES, F. (Ed.) (2012): *Introducción a la Historia Monetaria de Galicia (s. II a. C.- XVII d. C.)*, Labirinto de Paixóns, S. L. editorial.
- CLUA MERCADAL, M. (2005): Nuevos datos sobre la circulación en Cataluña de moneda falsa de la Guerra de Sucesión de Cataluña en *Actas XIII Congreso Internacional de Numismática*, Madrid 2003, pp. 1457-1463.
- FERRER SIERRA, S. (1996): El posible origen campamental de Lucus Augusti a la luz de las monedas de la caetra y su problemática, en Rodríguez Colmenero (coord.) *Lucus Augusti I. El amanecer de una ciudad*, A Coruña, Fundación Pedra Barrié de la Maza, pp. 425-446.
- FERRER SIERRA, S. (2006): Circulación monetaria de Lucus Augusti, Período alto imperial, en García Bellido, M.P. (coord.) *Los campamentos romanos en Hispania (27 a. C.-198 d. C.)*, El abastecimiento de moneda, Madrid, *Anejos de Gladius 9*, pp. 68-90.
- GAMO PAZOS, E. (2014): La colección numismática del antiguo Museo de Guadalajara, en *Documenta & Instrumenta N° 12*, pp. 119-144.
- GAMO PAZOS, E. (2017): Moneda e historia entre la época romana republicana y el alto imperio en la Comunidad de Madrid, en *Zona arqueológica N° 20, 2*, pp. 95-100.
- NÚÑEZ MENESES, P. (2018): *Moneda Medieval Gallega. Catálogo comentado*.
- NÚÑEZ MENESES, P. (2019): *Hallazgos Monetarios Medievales de Galicia*.
- OTERO MORÁN, P. (2014): Monedas en la Historia: un recorrido numismático por las salas del Museo, en *Boletín del Museo Arqueológico Nacional, N° 32*, pp. 541-552.
- PLIEGO VÁZQUEZ, R. (2009): *La moneda visigoda*, Universidad de Sevilla.
- PLIEGO VÁZQUEZ, R. (2018): La moneda sueva: un destello fugaz en la historia monetaria de Gallaecia, en López Quiroga, J. (coord.) *In tempore sueborum: el tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585), el primer reino medieval de Occidente*, pp. 145-156.
- ROMA VALDÉS, A. (2003): Las monedas compostelanas entre 1157 y 1230, en *Gallaecia n° 22*, pp. 369-382.
- ROMA VALDÉS, A. (2010): *Emisiones monetarias leonesas y castellanas de la Edad Media. Organización, economía, tipos y fuentes*. Textos de Numismática 2.
- ROMA VALDÉS, A. (2019): *Las monedas leonesas y castellanas del siglo XII*. Morabetino, 2019.